



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO CELEBRADA EN VIGO, NA CASA DO DEPORTE, SEDE DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, O DÍA 11 DE ABRIL DE 2015.

ASISTENTES

PRESIDENTE DA F.G.M.
Adolfo Puch Domínguez

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS

Antonio Alemparte Gonzalvo
Jesús Expósito Alonso
Fernando Fernández Rey
José Luis Faro Fortes
Ángel Gómez Gómez
Pedro Outón Nieto
Arturo Reboyras Villaverde

ESTAMENTO DE TÉCNICOS

José Juan Domínguez López
Katya Sanz Ochoa

ESTAMENTO DE ÁRBITROS

Manuel Ángel Domínguez Iglesias
Xosé Lois Freixeiro López

ESTAMENTO DE ENTIDADES DEPORTIVAS

Agrupación Montañeiros Independientes	Félix Criado Alonso (Presidente)
Club Deportivo Fontiñas	Iñaki Bilbao Castro (Representado. Vocal)
Club Montaña Ferrol	Xan Antón Ramírez Gómez (Presidente)
Club Montañeiros Celtas	Lourdes Castiñeira Souto (Presidenta)
Club Montañeiros Pontevedra	Manuel Beloso García (Presidente)
Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia	Carlos Garrido Costas (Presidente)
Club Montaña e Escalada Azimut	Luis Arocas Fernández (Presidente)
Club Montaña Ribeira Sacra	Xosé Antón Vázquez Pérez (Presidente)
Club Montaña Xistra	Xosé Henrique Freixeiro Cameselle (Presidente)
Sociedad de Montaña Ártabros	Alfonso Louro Fuentes (Representado. Vicepresidente)

XUNTA DIRECTIVA E PERSONAL TÉCNICO

Evaristo Fandiño Pérez	Vicepresidente 2º e Tesoureiro
Alberto Canle Campuzano	Secretario Xeral e Coordinador de Sendeirismo
Alfonso Soto Herrero	Vogal Coordinador de Actividades Deportivas
Marga Malvar Álvarez	Vogal Accesos á Montaña e Medioambiente
Antonio Paredes Chapela	Vogal de Barranquismo e Material Deportivo
Eduardo Barrosa Picón	Vogal de Andainas
Xosé Antón Vázquez Pérez	Vogal de Carreiras por Montaña e Delegado do Equipo de Carreiras
José Antonio Villar Comesaña	Vogal de Equipamento Zonas de Escalada e Delegado Equipo Escalada
César Álvarez Pérez	Vogal de Escalada de Competición e Asesor de Estructuras de Escalada
Felipe Martínez Redondo	Vogal de Novas Tecnoloxías aplicadas ao Deporte
Elías Rodríguez Gómez	Delegado da F.G.M. na provincia de Ourense
José Manuel Pérez Prego	Director Técnico da F.G.M.

Excusan a súa ausencia o Club Alpino Ourensán, o Club de Montaña Bestarruza, o Club de Montaña O Caxado e D. Raúl Leirós Gutierrez.



- **Apertura da Asemblea e presentación dos novos membros da Xunta Directiva.**

Comprobada a existencia de quórum, comeza a reunión as 17,30 horas dando o Presidente D. Adolfo Puch Domínguez a benvinda aos asistentes.

Toman a palabra varios membros da Asemblea e preguntan por qué non se da permiso ao membro de Sociedad de Montaña Ártabros D. Alejandro López Sánchez respondendo que non é compoñente da Asemblea e polo tanto non pode estar presente.

Entre outros intervén D. Pedro Outón representante do Estamento de Deportistas para indicar que na Asemblea Ordinaria de 2014 estivo presente unha persoa que non era membro e que en consecuencia se podería ter a mesma consideración co Sr. López.

Contesta o Presidente Sr. Puch aclarando que nesa oportunidade a persoa fora invitada polo Presidente tal como consta na acta e co mesmo criterio, e a proposta da Asemblea aceptaba a presenza como convidado sen voz e sen voto do Sr. López.

D. Fernando Fernández Rey representante do Estamento de Deportistas, pregunta por qué non pode estar presente o Sr. López e o Secretario Xeral Sr. Canle indicalle que según un dictamen emitido con data 14-11-2014 pola Secretaría Xeral para o Deporte, certifica que a representación legal da Sociedad de Montaña Ártabros corresponde a “D. Fernando Cancelo Barbeito como presidente, a D^a Tania Piñon Amboage como secretaria ou membros da xunta directiva por delegación do presidente de conformidade cos seus estatutos”. Por outra banda, na composición da xunta directiva de Sociedad de Montaña Ártabros que obra na Federación Galega de Montañismo dende 06-06-2010, non consta o señor López como membro da mesma polo que a delegación de representación que presentaba, non era suficiente. Engadir que dende as datas sinaladas, non tivemos modificación algunha sobre a xunta directiva da Sociedad de Montaña Ártabros. Para solventar o problema, se convidou ao Sr. Louro, Vicepresidente de Sociedad de Montaña Ártabros, a falar co seu Presidente e que remitira por correo electrónico unha delegación para o Sr. Louro, correo que chegou no transcurso da Asemblea e por tanto o Sr. Louro estivo presente na sala dende o principio do acto.

Reanuda o Sr. Puch súa intervención presentando aos membros da Xunta Directiva.

Toma a palabra o Sr. Outón para engadir que do mesmo xeito, se debe facer a presentación dos membros da Asemblea presentes e comeza por él mesmo, facendo o resto dos integrantes a súa presentación.

- **Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.**

Aborda o segundo punto da Orden do Día o Sr. Canle preguntando á Asemblea si é necesario ler a acta da Asemblea Anterior xa que foi remitida con antelación a tódolos membros, ou si se quere facer algunha corrección ao contido da mesma.

Interven D. Xosé Lois Freixeiro López representante do Estamento de Árbitros para indicar que aínda que non estivo presente nesa Asemblea, quere manifestar que a proposta do Sr. Ramírez non é posible, xa que contradice os nosos estatutos.

Intervén D. Xosé Henrique Freixeiro Cameselle representante de Clube de Montaña Xistra coincidindo coa intervención anterior, e propón deixar en suspenso aquela proposta e modificar nosos estatutos antes de aprobar algo que vai en contra dos estatutos actuais.

El Sr. Puch puntualiza que se pode preparar un documento onde se recollan as posibilidades de sacar adiante a proposta, e as medidas necesarias para facelo posible e debatilo na vindeira Asemblea.

O Sr. Freixeiro López expón a complicación que ocasionaría modificar os actuais estatutos, e que teñen que ser aprobados posteriormente pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Para rematar o Sr. Puch precisa que se van a estudar as posibilidades legais para non cometer erros.

Solicita intervenir a representante de Club Montañeiros Celtas D^a Lourdes Castiñeira, para comentar que según o exposto con anterioridade, existe unha incongruencia entre a Lei do Deporte e os nosos estatutos, xa que na lei dí que calquer deportista pode solicitar a Licencia Federativa e nos Estatutos da F.G.M. dí que ten que ser expedida a través dun club e solicita que se aclare este aspecto.

Para pechar este tema, o Sr. Puch precisa que se analizará esa cuestión e se presentará á vindeira Comisión Delegada e o resultado se expoñerá na próxima Asemblea Xeral.

Expón o Sr. Fernández Rey que na asemblea anterior, según consta no acta, se quedou en remitir por e-mail o resumo das actividades realizadas e que si consta en acta hai que facelo sempre antes da celebración da asemblea.

Pregunta o Sr. Puch si hai algún tema máis sobre o acta e engade que sobre o tema das Licencias se encargará un estudio á Asesoría Xurídica e se presentará o resultado á Comisión Delegada e Asemblea Xeral.



• Memoria de Actividades do ano 2014.

Toma a palabra o Sr. Soto para facer un pequeno preámbulo dos exhaustivos datos que dan como resultados ao Mellor Club de Galicia e que se vai a centrar nas actividades con máis participación como Andainas, Actividades tradicionais, Carreiras por montaña, Escalada e Cursos.

Estas actividades se reflexan nos seguintes números:

Andainas	8 probas	14 clubs	417 participantes
Tradicionais	10 probas	19 clubs	398 participantes
Carreiras	7 probas	25 clubs	206 participantes
Escalada	4 probas	19 clubs	113 participantes
Cursos	9 cursos	16 clubs	85 participantes
<hr/>			
	38 actividades	131 part. clubs	1219 participantes

Intervén o Sr. Fernández para insistir en que o resumen das actividades serve para poder avaliar o coste por participante e máis adiante ver a evolución de participación nas mesmas.

O representante de Clube Montañeiros de Pontevedra D. Manuel Beloso García pregunta cantos clubs hai na actualidade adheridos á F.G.M. Precisa o Sr. Soto que son arredor de setenta e un e engade o Sr. Beloso que a participación dos clubs nas actividades non acada o 30% e que o tal resumen é interesante para ver a evolución das actividades e estudar si algunha delas poideran ser organizadas por clubs.

Continúa a súa intervención o Sr. Soto para manifestar a posibilidade de realizar modificacións nalgunhas das actividades tradicionais como o Campamento e Marcha da F.G.M. eliminando o campamento e transformar a marcha nun Día do Sendeirista. Comenta así mesmo que hai unha proposta de Club Ribeira Sacra nese sentido que será sometida á consideración da Asemblea, feito que corrobora o representante do club D. Xosé Antón Vázquez. Sigue na mesma liña coa actividade de Esquí de Montaña e Raquetas de neve, e que debido a caprichosa climatoloxía non é doado facer un calendario e cumpílilo sin aprazamentos ou cambios de datas; engade que non parece razoable levar esta actividade a León tendo serras con alturas abondo en Galicia.

Toma a palabra o Sr. Fernández para aportar a súa opinión contraria á celebración desta actividade en conxunto debido á diferente velocidade de ascenso e descenso de ambas modalidades deportivas; non resulta flexible mover a 15 esquiadores e ao tempo 30 raquetistas. E sobre o de desprazar as probas a León, non presenta problemas xa que alí temos un refuxio para facer de base.

• Peche das contas do ano 2014.

Interven o Tesoureiro D. Evaristo Fandiño para preguntar á asemblea si recibíu todo o mundo as contas e se dirixe ao Sr. Beloso para confirmar tal circunstancia.

Responde o Sr. Beloso que sí recibiu datos contables pero que non os tiña traído e solicita unha copia ao que lle contesta o Sr. Fandiño que non temos copias de sobra.

Continúa o Tesoureiro recomendando aos clubs que cando fagan ingresos, resuman o nome do club eliminando palabras innecesarias e no concepto poñer o número do albarán xa que en ocasións aparecen ingresos custosos de identificar ao ordenante. Engade que como resposta a algún comentario que dí que a contabilidade da Federación é poco crara, o rebate dicindo que as contas da F.G.M. se dan a oito díxitos co cal se pode ver perfectamente cómo se gastan os cartos federativos.

De seguido pasa a comentar as partidas de gastos ou diminucións máis salientables como a saída internacional a Marrocos, os ingresos por licencias que aínda que pasaron de dous mil oitocentas (2.800) licencias no 2013 a tres mil cinco centas (3.500) licencias en 2014 a parte federativa reduxose. A Marcha Estatal de Veteranos cunha subvención de dous mil (2.000) euros, a auditoría contable cun coste de mil oitocentos quince (1.815) euros e que antes era a cargo da Xunta e agora a pagamos nos, o motor do pozo do refuxio de Albite no que se gastaron perto de dous mil (2.000) euros, o proceso eleitoral cun gasto de envío de correspondencia de arredor de dous mil (2.000) euros, e unha diminución na subvención da Secretaría Xeral para o Deporte de un 30% sobre o ano anterior o que supuso arredor de dez mil (10.000) euros menos de ingresos.

Pasa a expoñer o tema da Auditoría Contable das contas da F.G.M. indicando que a Xunta emite unha Orden das federacións a auditar, e o ano 2014 lle tocóu entre outras á Federación Galega de Montañismo. Os auditores examinaron a documentación relativa a F.G.M como o Balance de Situación do ano 2013, Conta de Pérdas e Ganancias, Estado de Cambios de Patrimonio Neto e Memoria correspondentes ao mesmo ano, etc. e confirmaron un resultado sin incidencias.

Rematada a lectura da Acta de Auditoría, o Sr. Fandiño pregunta si hai algunha aclaración que facer.

Pide a palabra a representante do Estamento de Técnicos D^a Katia Ochoa para que se lle aclare a conta de Cursos Monográficos.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

O Sr. Fandiño lle explica que nesta conta se recollen aqueles cursos non habituais ao longo dos anos e que no caso concreto, corresponde ao curso de Árbitros de Carreiras por Montaña.

Interven o representante do Club Montaña e Escalada Azimut D. Luis Arocas pidindo ao tesoureiro que se quite de gastos de actividades ao equipo de carreiras por montaña, igual que o equipo de escalada que deben estar nun apartado novo ao que responde o Sr. Fandiño que está de acordo coa observación, e lle abrirá un novo epígrafe como equipos de competición.

Interven de novo o Sr. Arocas facendo mención as goteiras que hai no refuxio de Torrebarrio.

Toma a palabra o Sr. Puch para indicar que xa se ten contratado a reparación do tellado, onde se orixinan as goteiras e humidades e os desaugues dos servizos xa que os atascos son contínuos e que haberá que agardar a que mellore o tempo para facer as reparacións do tellado.

O Sr. Arocas cambia de tema e pregunta cal é a parte do importe da licenzia que lle queda á F.G.M.

Responde o Sr. Puch para indicar que dado a variedade de tipos de licenzia non lembra todos e engade que como exemplo da licenzia tipo B, a cuota da F.E.D.M.E. é 11,50 € e a F.G.M. aproximadamente 12 €.

Toma a palabra o Sr. Louro para indicar que dentro dos nove mil euros, non haxa nada destiñado a deporte base ou si hai algo está dentro de outras partidas.

Contesta o Sr. Puch indicando que si non aparece máis importe no apartado, é porque un campamento de varios días destiñado a xóvenes non se levou adiante por falta de participación. Engade que este ano se tivo unha reunión entre clubs que realizan actividades infantís na que participaron Peña Trevinca Montañeiros de Galicia, Club Deportivo Fontiñas e Club Montañeiros Celtas e excusaron a súa ausencia Agrupación de Montañeiros Independientes e Clube de Montaña Xistra.

Continúa o Sr. Louro a súa intervención abordando o tema dos refuxios, comentado que en todos eles hai un guarda que leva unha porcentaxe das pernactas, e pregunta si no de Torrebarrio a guarda fai a limpeza das instalacións.

Responde o Sr. Puch que se vai a facer unha limpeza xeral cada quince ou trinta días, en función da ocupación, pero que temos que ser conscientes que a limpeza debe empezar polos propios usuarios. Engade que os montañeiros nos poñemos medallas no mantemento do monte limpo, pero no refuxio non nos implicamos do mesmo xeito, e procuramos abandonar o refuxio antes que os demais, para deixar a limpeza aos derradeiros en sair, e que o refuxio so queda en condicións cando é ocupado por determinados clubs que o deixan como o atoparon: limpo.

Volve a intervir o Sr. Louro para engadir que si a guarda se vai a encargar da limpeza, habería que dala de alta na Seguridade Social por si un día ocorre un accidente.

Contesta o Sr. Fandiño para dicir que esa posibilidade resultaría ruínoza para a Federación, e que en todo caso o correcto sería contratar unha empresa para facer eses traballos de limpeza.

Pecha o tema o Sr. Puch indicando que a decisión sobre o particular debe tomarse en asemblea e a través dunha proposta presentada por calquer membro da mesma.

Toma a palabra o representante de Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia D. Carlos Garrido para comentar que no informe de auditoría se fai mención a “Federación Galega de Montañismo” e que xa hai cuarenta anos que nos denominamos “Federación Galega de Montañismo” e solicita que, dado que a pagamos nos, se lle devolva e que a presenten en galego.

Continúa a súa intervención o Sr. Garrido preguntando a que corresponde o importe que reflexa a conta “Remuneracións pendentes de pago”.

Responde o Sr. Fandiño, que é parte das remuneracións dun curso da EGAM e que a 31 de decembro estaban sin liquidar, e que en xaneiro se pagou totalmente e insiste en que a Federación non debe nada a ninguén e que paga puntualmente cando se recibe toda-la documentación necesaria para librar o importe.

Intervén o representante do Estamento de Técnicos D. José Juan Domínguez para inquirir si o comentario do Sr. Fandiño de que non se debía nada a ninguén se refería a seu compañeiro Ivan.

Replica o Sr. Fandiño, que porque se retrase unha semana un pago polos motivos que foran, non é motivo para queixarse do xeito que o fixo.

Volve a toma-la palabra o Sr. Domínguez para dicir si a versión oficial é que cobrou nos prazos en que todo o mundo está a cobrar e o Sr. Fandiño responde afirmativamente.

Incide o Sr. Puch que cando se manden xustificantes tales como nóminas, tickets de autopista, etc. se envíen todos xuntos para poder face-lo pago con puntualidade.

Toma a palabra o Sr. Freixeiro Cameselle para aclarar que dentro dos gastos de actividades infantís, quizáis non estean toda-las cantidades aplicables a esas actividades xa que os emolumentos, seguridade social e



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

desprazamentos dos monitores quizá estean na partida de gastos da EGAM e correspondería aplicalos a actividades infantís.

Interven o Sr. Outón para comentar o gasto do equipo de carreiras por montaña e pregunta cantos deportistas compoñen ese equipo.

O Sr. Puch responde indicando que participan tres corredores e un técnico e lle pasa a palabra ao Sr. Vázquez que engade que cando fan desprazamentos en furgona, van cinco ou seis corredores e cando teñen que viaxar en avión van catro persoas, tres corredores e o director do equipo.

Complementa a resposta o Sr. Fandiño indicando que os gastos do equipo o compoñen desprazamentos, pernactas e manutención con menú do día.

Continúa a intervención o Sr. Outón preguntando si o importe de dous mil (2.000) euros de subvención reflexado na conta de Marcha Estatal de Veteranos, vai destinado os participantes ou ao Club organizador.

Responde o Sr. Fandiño que ese importe se destina á organización da actividade e se lle paga ao club organizador da mesma.

Toma a palabra o Delegado da F.G.M. na provincia de A Coruña e do Club Montaña Ferrol D. Xan Antón Ramírez Pérez para incidir no tema do retraso no pago ao membro da EGAM, e que preguntado na F.G.M. o motivo de tal retraso se lle explicou que unha persoa traspapelara un documento e que lle tiña pedido disculpas. Engade que si o normal é que se cobre puntualmente, non hai necesidade de acudir a discusións nin palabras maiores por un retraso puntual e xustifico.

Toma a palabra novamente o Sr. Beloso para comentar que coincide co Sr. Freixeiro Cameselle en que os gastos non se reflexan fielmente, e solicita que se faga máis exhaustivo o desglose de gastos por actividades de xeito agrupado e que se poida calcular o que corresponde a cada participante.

Responde o Sr. Fandiño para indicar que tratará de desglosar os temas de competición e actividades infantís.

Intervén o Sr. Freixeiro Cameselle para indicar que os que levan anos na asemblea, veñen constatando que os catro derradeiros exercicios presentan algunhas perdas e que sería bo cambiar o signo dos mesmos.

O Sr. Fandiño di que, en efecto, o exercicio 2014 presenta un déficit de uns dexanove mil (19.000) euros e que só a diminución da aportación da Xunta foron dez mil (10.000) euros. Engade que cal debe ser o criterio a seguir si produtividade ou rentabilidade, e que outros anos tiveron máis déficit e que a misión da F.G.M. tampouco é obter moitos beneficios.

Toma a palabra o Sr. Puch para sinalar que a Federación está a facer un esforzo no tema dos presos das licencias, para conquistar máis federados, e que non se poderá aguantar por moito tempo esa actitude.

Remarca o Sr. Fandiño para tranquilizar ao Sr. Freixeiro Cameselle, que a tesourería da Federación non está en risco, afirmación rebatida polo Sr. Freixeiro Cameselle co argumento de que moitos anos consecutivos de perdas danan a tesourería.

El Sr. Puch intervén para decir que non é intención de esta Xunta Directiva danar irremediamente as contas federativas, e que están tratando de incrementar o número de licencias para que chegado o tempo da eventual supresión das axudas públicas, se teña unha forte fonte de ingresos alternativa.

Toma a palabra o Sr. Fernández para sinalar que a Federación ten que actuar en dous frentes, ver en qué se gastan os cartos e facer ver a Xunta o movemento social que representamos para que incremente as aportacións. De todos xeitos, un punto que hai que analizar é o de os ingresos por pernactas dos refuxios que veñen baixando os derradeiros cinco anos, e que para iso ten presentada una proposta sobre o particular.

Interven o Sr. Beloso para interesarse pola conta Inversións Financeiras a Curto Plazo de sesenta mil (60.000) euros.

Contesta o Sr. Fandiño indicando que se trata dunha conta a prazo fixo.

Responde o Sr. Beloso preguntando para qué ten a Federación unha conta a prazo fixo.

De novo aclara o Sr. Fandiño que esa conta representa un fondo de reserva da Federación.

Insiste o Sr. Beloso preguntando sobre o por qué dun fondo de reserva.

Volve o Sr. Fandiño sobre o tema para engadir que un fondo de reserva sirve para cando as subvención poidan diminuír ou desaparecer, e que non pode parecer mal ter un fondo de reserva para esas circunstancias.

O Sr. Beloso propón que se recorte ese importe investindo en actividades, e insiste en que se acepte a proposta nesta asemblea.

Responde o Sr. Fandiño que o recorte que solicita o Sr. Beloso ten que vir precedido dunha proposta presentada en forma e data, e dado que a Asemblea é soberana si así o decide, non hai ningún problema para recortar ese fondo de reserva e dedicar esa parte recortada aos destiños que se estimen oportunos.

Toma a palabra o Sr. Ramírez para decir que na súa opinión, en lugar de facer un recorte sin máis, é partidario de manter ese fondo de reserva pero establecer o importe de xeito proporcional ao presuposto da Federación.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Toma a palabra o representante do Estamento de Deportistas D. Ángel Gómez para preguntar polos nulos ingresos do Refuxio de A Ponte.

Contesta o Sr. Puch que o refuxio estivo pechado por falta de guarda e que xa se resolvéu esa situación.

Toma a palabra la Sra. Castiñeira para preguntar canto se lle pagóu á compañía de seguros por licencias e solicita que dous meses antes se envíe aos membros da assemblea un estado de contas resumido.

Respondelle o Sr. Fandiño que na páxina 3 do Balance de Situación ao final da conta 41 Acreedores Varios ven indicado Zurich cun importe de cento trinta e cinco mil (135.000) euros e que na próxima reunión de Comisión Delegada se dará un anticipo das contas.

Dado que o punto do día non da máis de si, o Presidente Sr. Puch solicita a aprobación das contas mediante voto a manalzada co seguinte resultado: 19 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións dos representantes de Sociedad de Montaña Ártabros e Club Montañeiros de Pontevedra.

• **Proxecto deportivo e de xestión para o ano 2015**

Comeza o Sr. Puch a debullar este punto resaltando o incremento de licencias deportivas e que a estas altura do ano se levan 3.600 licencias, 100 máis que a remate de 2014, o que significa conforme os nosos cálculos que remataríamos o ano 2015 duplicando as licencias emitidas fai catro anos. Con respecto ao número de clubs adheridos, o incremento foi así mesmo moi notable acadando nestes momentos o número de 71. Isto trae consigo un incremento notable de carga de traballo administrativo que se ven levando co mesmo número de persoas dende fai anos.

En canto a xestión deportiva para este exercicio 2015, están programadas actividades clásicas tales como Esquí de Montaña, Marcha Territorial, Marcha con Vivac, Campamento Infantil-xuvenil, Descenso de Barrancos, Marcha de Veteranos, oito probas da Copa Galega de Carreiras por Montaña, unha proba Campionato Galego de Carreiras por Montaña, unha proba da Copa de España de Carreiras por Montaña, dúas probas da Copa Galega de Escalada en Bloque, dúas probas da Copa Galega de Escalada Base Infantil-Xuvenil, 8 probas de Andainas de 50 quilómetros e unha proba especial.

Con respecto a competición, xa está conformada a Selección Galega de Escalada, composta por Tino Lois e David Moran. Por outra banda, na primeira proba do Campionato de España de Carreiras por Montaña celebrada en Miranda del Ebro, os corredores da selección Luís Calvo e Elpidio Martínez acadaron uns meritorios segundo e sexto posto respectivamente.

No tocante ao tema de colaboración, se asinaron convenios coa Universidade de Vigo, Korda's e Altus para beneficiarse de ofertas de material para os nosos federados. Por outra banda está en avanzado estado de negociación un protocolo coa Clínica Corazón Azul onde poder facer probas de esforzo e revisións cardíacas aos nosos deportistas que estean desenrolando actividades intensas.

En canto ao aspecto de formación, participa que hai programados 18 cursos das diferentes áreas do noso deporte e distinto nivel; dende a iniciación ata a especialización e reciclaxe.

Comunica que no aspecto do Medio Ambiente se presentaron alegacións ao PRUX do Parque As Fragas do Eume e se teñen solicitado entrevistas coa Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e coa Delegación Provincial de Medio Ambiente de Ourense a fin de tratar temas de interese para o colectivo que representamos.

Expón así mesmo que se celebrou a primeira reunión de equipadores de vías de escalada no terreo natural e que se están levando a cabo equipamentos no Canon do Sil e en Segade-Caldas de Reis.

Como remate, anunciou que a F.G.M. está a colaborar firmemente co Club Alpino Ourenán para levar adiante a Maratón de Escalada de Canon do Sil.

Intervén a representante do Estamento de Técnicos D^a Katia Sanz, para preguntar si se coñece a desagregación das licencias distribuídas por modalidades para poder coñecer que actividades están medrando e en cales habería que facer esforzos para elevar a participación.

Contesta o Sr. Puch indicando que non dispón de datos na nosa federación e non sabe que existan en outras federacións. Engade unha observación derivada das altas de clubs; basicamente os novos clubs se dedican a sendeirismo, en segundo lugar a carreiras por montaña e en terceiro lugar á escalada.

Retoma a palabra a Sra. Sanz para preguntar que cursos son os anunciados porque a E.G.A.M. vaise a reunir a vindeira semana para preparar os cursos do segundo semestre.

Responde o Sr. Puch indicando que se tomou como base os realizados o ano pasado.

Toma a palabra o Sr. Canle para engadir que cos datos de participación nas diferentes actividades recollidas na folla elaborada para determinar o mellor club, se pode facer unha especie de enquisa ou extrapolación deses datos ao total de licencias co que se obterían porcentaxes aproximados de federados por actividades.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Intervén o Vicepresidente 3º D. Manuel Domínguez para dicir que unha forma idónea sería obter os datos a través da xestora das licencias Play Off; precisa o Sr. Domínguez que xa se falou coa empresa para modificar a pantalla de solicitude da licenza, cun recadro onde se sinalara a actividade principal que fai o solicitante, agora ben, a veracidade dos datos estaría condicionada ao sentido de colaboración do club que tramita a licenza.

El Sr. Arocas engade que un dato clarificador sería ver, do total das licencias, cantas son de clase A e cantas de clase B tendo en conta as coberturas de cada unha. Continúa a súa intervención preguntando si hai algún control e que nivel de preparación teñen os equipadores.

Responde o Vogal de Equipamentos de Zonas de Escalada D. José Antonio Villar indicando que na reunión de Santiago, se acordou que a F.G.M. non subvencionaría equipamentos hasta que non se faga un curso de capacitación, xa que están a ver equipamentos deficientes.

O Sr. Ramírez retoma o asunto da participación por licencias, puntualizando que no seu club se fixo un estudio nesa liña, tomando como referencia o material do club que se solicitaba extraeron datos clarificadores. Secunda a idea exposta polo Sr. Canle e precisa que si se complementa cunha enquisa aos clubs, se poderían obter datos moi interesantes.

Manifesta o representante de Agrupación Montañeros Independientes D. Félix Criado que as actividades de alpinismo e escalada no aparecen na folia de datos e que un dato clarificador é o tipo de licenza que se saca xa que para alpinismo e escalada saca a B e unha persoa que fai sendeirismo sacaría a A. Insiste o Sr. Criado en que no conste nas cifras os que practican alpinismo ou escalada de xeito individual e que vai a presentar unha proposta para cambiar esa situación e que ademais ese deportista poida exercer seu dereito a voto.

O Sr. Domínguez Iglesias respondelle indicando que hai actividades como a escalada en la que se podería participar e clarifica que ese criterio de dereito a voto ven imposto pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Detalla o Sr. Ramírez de que hai un compromiso da Directiva da F.G.M. de negociar coa Secretaría Xeral para o Deporte para que no vindeiro proceso electoral se trate aos federados igual que nas eleccións da FEDME, onde votan todos sen limitacións de participación nas actividades.

A Sra. Castiñeira intervén novamente para solicitar unha desagregación de licencias por club e tipo para poder ver como se distribúen os federados.

Responde o Sr. Puch indicando que se remitirá aos clubs unhas gráficas con barras e tartas cos datos dos federados en Galicia.

Se orixina entre os asembleístas un pequeno debate sobre o aspecto da limitación do dereito ao voto no que se expoñen opinións discrepantes sobre si o condicionante o pon a F.G.M. ou si ven imposto pola Secretaría Xeral para o Deporte e semella que prevalece a opinión expresada polo Sr. Freixeiro López cando di que o Regulamento Electoral ven imposto pola Xunta e así foi estas derradeiras elección e as anteriores, o que confirma o Sr. Puch.

Toma a palabra o Sr. Louro para incidir no tema dos equipamentos coincidindo en que é necesario o curso de capacitación para equipadores ademais dunha reunión das persoas que xa o viñan facendo ate agora co fin de unificar criterios e opinións. Expón que considera unha boa inversión manter os equipamentos en zonas consolidadas.

Intervén o Sr. Freixeiro Cameselle para precisar que na Asemblea Xeral da F.E.D.M.E. do ano pasado se presentou unha enquisa sobre a modalidade de participación dos federados e que se podería extrapolar aos federados da F.G.M. e que habería que ter coidado coas perversións das estatísticas pois se corre o risco de dedicar esforzos a sendeirismo ou carreiras e non se pode esquecer que a nosa Federación é de montañismo e poden quedar sen atender outras actividades.

A Sra. Sanz en relación cos equipos de carreiras e de escalada, pregunta si hai algún plan a longo prazo para fomenta-la participación nas probas.

Responde o Sr. Villar indicando que hai un proxecto de ranking de salas onde poder ver aos escaladores con proxección de futuro.

Toma a palabra o Presidente Sr. Puch para pechar o tema indicando se presenten propostas para próximas asembleas e dende a F.G.M. se trataría de levar adiante algunha das ideas expostas.

Puntualiza o Sr. Louro que ten vinte propostas para que se escriban directamente no momento de rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Arocas para coñecer cómo se convocou o tema das intersalas.

Contesta o responsable do equipo de escalada Sr. Villar que se fixo a través dunha circular remitida aos clubs e refire o Sr. Arocas que entre tanto non se faga habitual se insista en facer reunións para levar adiante estes temas.



• Orzamento para o ano 2015

Comeza explicando o Sr. Puch que a modificación dos orzamentos que se presentan, ven motivado polas licencias emitidas a esta altura do ano, se incrementan as cantidades destinadas ao Equipo de Escalada e ao Equipo de Carreiras por Montaña.

A Sra. Sanz expón que nos orzamentos non hai ningunha cantidade dedica a material para a E.G.A.M.

Responde o Sr. Puch indicando que aínda que non se recolle ningún importe en ese concepto, sempre que fai falla material para a Escola se dota e lembra ao Sr. Criado o tema dos arvas, e pide a aprobación dos orzamentos facendo unha pequena modificación que reflicte unha partida para material para a E.G.A.M.

Procedese á votación co resultado de 17 votos a favor, 0 votos en contra e 4 abstencións dos representantes de Sociedad de Montaña Ártabros, Clube Montañeiros de Pontevedra, Agrupación de Montañeiros Independientes e a representante do Estamento de Técnicos D^a Katia Sanz Ochoa. Apróbase a modificación dos orzamentos que ascenden a 282972 €.

• Organización das actividades para o ano 2016

O Sr. Puch lle da a palabra ao Vogal Coordinador de Actividades Deportivas D. Alfonso Soto que pasa a expoñer as actividades tradicionais do calendario federativo que se ofrecen aos clubs presentes para a súa organización. Comeza pola de Esquí de Travesía e Raquetas e xorde as discrepancias do Sr. Fernández respecto a que se deben facer as actividades por separado e do Sr. Freixeiro Cameselle que sostén que se debe organizar dentro do mes de febreiro pero sen data establecida.

Toma a palabra o Sr. Ramírez para solicitar que a organización de actividades se abra a tódolos clubs da Federación de xeito que cada club interesado remita á Federación un proxecto da actividade antes da celebración da Asemblea e se decidan na mesma aos organizadores.

Intervén o Sr. Criado para puntualizar que na normativa de participación de esta proba se debe establecer como material de seguridade obrigatorio, e non recomendado, unha pala, unha sonda e un arva. A continuación engade que AMI se fai cargo desta actividade.

De seguido se trata a organización do Campamento de Marcha da F.G.M. e como hai unha proposta para modificar a formulación desta proba presentada polo Club Ribeira Sacra, se lle da a palabra ao Sr. Vázquez que explica que aos campamentos xa non acude ninguén e por conseguinte á marcha ten pouca participación e suxire mudar a marcha por una actividade que se podería chamar “Día do Sendeirista”.

Puntualiza o Sr. Soto que se podería votar esta proposta para a actividade deste ano 2015 e que xa quede o cambio para en diante.

Toma a palabra o representante do Estamento de Deportistas D. Angel Gómez para alegar que o Campamento e Marcha xa ven aprobado da Asemblea do ano anterior e que non procedería a modificación no ano en curso.

O Sr. Soto terza a favor de votar si o cambio se aplica xa á actividade de este ano e que cada membro opine en consecuencia. Se somete a votación a proposta de cambio para este ano 2015 e o resultado da mesma é : 14 votos a favor, 2 votos en contra e 5 abstencións. En consecuencia, o Club Ribeira Sacra muda a actividade denominada Campamento e Marcha da F.G.M. por outra que en diante se denominará Marcha Galega, Día do Sendeirista. Xornada do Sendeirismo ou outro nome a determinar.

Para o ano 2016 os clubs e datas das actividades federativas quedan do xeito que sigue:

- | | | |
|---------------------|------------------------------|--------------------------------------|
| • 6 e 7 de febreiro | Esquí de Travesía e Raquetas | Agrupación Montañeros Independientes |
| • 8 de maio | Marcha Día do Sendeirista | Club Montaña Xistra |
| • 11 e 12 de xuño | Marcha con Vivac | Club Peña Trevinca M.G. |
| • 18 e 19 de xuño | Marcha Infantil | Club Peña Trevinca M.G. |
| • 17 de xullo | Descenso de Barrancos | Club Montaña Xistra |
| • 11 de Setembro | Marcha Veteranos F.G.M. | Club Ribeira Sacra |

Retoma a palabra o Sr. Puch para expoñer que respecto as probas de escalada, o Club de Montaña O Caxado ten solicitado a organización dunha proba da Copa Galega de Escalada en Bloque xa que contan con axuda e colaboración do concello de As Pontes de García Rodríguez; por outra banda, engadiu que o club C.A.R. Redondela solicitou unha segunda proba da Copa Galega de Escalada.

Con referencia as dúas probas da Copa de Escalada Infantil-Xuvenil, se postularon como organizadores o Club de Montañeros Independientes en A Coruña y Club Montañeiros Celtas en Vigo.

Intervén novamente o Sr. Puch para indicar que é moi complicado establecer as datas definitivas das probas de Carreiras por Montaña e Andainas para encaixalas entre outras probas e actividades e solicita a aprobación do calendario con esta salvidade e que se comunicarán as datas con antelación suficiente e ningún membro da Asemblea se manifesta contrario á petición formulada.



• Nomeamento do Mellor Club Galego 2014.

Como preámbulo ó nomeamento do Mellor Club Galego 2014 o Presidente Sr. Puch precisa que se utiliza un baremo do ano 1998 aprobado en Asemblea Xeral, e que os clubs que teñan menos dun dous por cento de puntuación, non entran no reparto, e polo tanto, a asignación se distribúe entre os que obteñen máis de esa porcentaxe.

Se orixina un animado debate sobre o amentado baremo con intervencións para aclarar a orixe do método, seu funcionamento, os parámetros valorables, a traxectoria histórica, aportacións feitas por membros da Asemblea con experiencias federativas e de clubs. Así mesmo, membros de recente incorporación ás tarefas asemblearias, toman a palabra para expoñer opinións contrarias ó método empregado e se pronuncian a favor de modificar ese baremo. Varios membros agregan que na actualidade non existe problema para abordar esa reforma mediante propostas presentadas ante a Asemblea Xeral, debatidas polo membros e sometidas a votación. Rematado o debate con manifestacións de presentación de propostas para a vindeira Asemblea, o Sr. Puch pasa a comunicar o resultado da aplicación do baremo citando as entidades e importes de menos a máis.

1. Clube de Montaña Xistra	24,5%	1.473,00 €
2. Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia	15,3%	918,00 €
3. Club Montañeiros Celtas	12,5%	750,00 €
4. Clube de Montaña Ribeira Sacra	9,8%	587,00 €
5. Sociedad de Montaña Artabros	6,3%	379,00 €
6. Club Montañeiros de Pontevedra	6,2%	371,00 €
7. Agrupación Montañeiros Independientes	5,5%	332,00 €
8. Clube de Montaña e Escalada Azimut	4,6%	274,00 €
9. Club Montaña Ferrol	4,5%	273,00 €
10. Club Running Sport Trail	4,5%	268,00 €
11. Club Alpino Ourenán	3,3%	198,00 €
12. Club Deportivo Fontiñas	3,0%	178,00 €

Engade que o club con maior puntuación ten unha dotación complementaria de seiscientos (600,00) euros e a continuación nomea a Clube de Montaña Xistra como Mellor Club de Montaña do ano 2014 e o Presidente Sr. Puch lle transmite ó seu representante o parabén e a Asemblea participa cunha calorosa ovación.

• Proposta de actividades infantís da F.G.M. para 2015.

El Sr. Puch, lle da a palabra ao Director Técnico da F.G.M. D. José Manuel Pérez Prego e manifesta que xa se celebrou unha reunión entre a F.G.M. e clubs que organizan actividades específicas para nenos e mozos e acordaron levar adiante unha actividade de varios días para federados de toda a comunidade para coñecer outras zonas de montañas incluso de fora do noso territorio e de catro ou cinco xornadas de duración e en estreita colaboración cos clubs que aporten participantes. Tamén se falou de establecer escolas de escalada con achegas destinadas ós técnicos de dirixan as escolas.

Intervén o Sr. Fernández para preguntar si os técnicos van a ser os dos clubs.

Responde o Sr. Pérez que as escolas teñen que ser tuteladas polos monitores de rocódromo formados pola E.G.A.M ou ben por técnicos da propia Escola pero sempre baixo a supervisión da Dirección Técnica da F.G.M.

Toma a palabra o representante do Estamento de Deportistas D. Jesús Expósito para aludir ao importe dedicado a actividades infantís e engade que as actividades as deben propoñer os clubs e a Federación debe aportar os técnicos, autocares, etc. e fai unha autocrítica respecto á participación nos campamentos infantís dos derradeiros anos con asistencia de so tres ou catro clubs e insiste en que os que deben decidir sobre ese importe dos orzamentos deben ser os clubs que traballan con nenos.

Intervén a Sra. Castiñeira manifesta que atopa adecuada a organización de un campamento no que poidan participar nenos de toda Galicia cun programa de actividades destinadas a elevar o nivel de coñecementos dos participantes; engade que respecto a posibilidade de que os clubs demanden certas actividades con participación de E.G.A.M. estas deben ser abertas a participantes de outros clubs.

Puntualiza o Sr. Pérez Prego que a Federación non ten intención de intervir na vida interna dos clubs mais intenta crear unha serie de actividades que sexan punto de reunión dos nenos dos clubs e apoiar a captación de novos deportistas apoiando aos clubs en actividades en tal sentido.

• Propostas dos Asambleistas.

El Sr. Puch da entrada a este punto do día indicando que hai tres propostas remitidas aos Asambleistas, dúas de Club Ribeira Sacra e outra de Club de Montaña e Escalada Azimut, e outra que chegou a derradeira hora do



representante do Estamento de Deportistas Fernando Fernández Rey da que se fixo entrega no transcurso da Asemblea.

Intervén en primeiro lugar o Sr. Vázquez para dicir que cada ano somos máis xubilados e que propón a suspensión de subvencionar a cota federativa autonómica aos federados maiores de sesenta e cinco anos.

Pregunta a Sra. Castiñeira canto supón nos orzamentos da Federación a subvencións aos federados xubilados.

Responde o Sr. Puch decindo que na actualidade non é moi relevante, pero que nun futuro próximo pasaría a ser importante.

Insiste a Sra. Castiñeira en que esa subvención supón unha axuda e do mesmo xeito que se contempla favorecer aos nenos por que non se pode facer o mesmo cos maiores.

Toma a palabra o Sr. Outón para precisar que no seu club, se subvenciona o importe das licencias de infantís e mozos nun cincuenta por cento e por conseguinte, como maior de sesenta e cinco anos, considera vergoñento percibir catorce (14,00) euros de subvención federativa.

Se procede á votación da proposta co resultado seguinte: Dezaseis votos a favor, tres votos en contra e dúas abstencións. Polo tanto, queda anulada a subvención federativa a maiores de 65 anos.

Toma a palabra o Sr. Arocas para expoñer as modificación e vicisitudes que xurdiron arredor da organización da proba do Campionato Galego de Escalada a organizar de xeito compartido por Club de Montaña e Escalada Azimut e Club Alud e que figuran na copia do escrito de data 1 de abril de 2015 feito chegar a todos os membros da Asemblea Xeral.

Intervén o Sr. Puch para puntualizar que na desagregación de gastos desa actividade só constan facturas a nome da Federación Galega de Montañismo tales como desprazamento en furgonas, montaxe da estrutura, gastos de ferraxaría, etc. e sobre as camisetas, a factura está a nome da Federación e que polo tanto non se lle deu ao Club Tideo ningunha subvención por ese concepto e que eses xustificantes están a súa disposición para comprobar eses terminos.

Respecto ao tema Adolfo Puch, precisa que o día 10 deixaba de ser Presidente para pasar a ser Presidente da Comisión Xestora da F.G.M. e puntualiza que non se sinte responsable de que o “speaker” o presentase como Presidente e non considerou oportuno corrixilo no sentido de que era Presidente da Comisión Xestora da F.G.M. e pide desculpas por elo.

Continua unha serie de puntualizacións cruzadas entre el Sr. Arocas e o Sr. Puch sobre a camiseta, o tamaño dos logos de clubs organizadores e patrocinadores e si o pago das mesmas por medio dunha factura a nome da F.G.M. supón unha subvención ou non a un club non federado.

Para rematar o tema, intervén o Sr. Domínguez Iglesias para precisar que se puxo en coñecemento da Asemblea o acontecido arredor desa proba, que se deron as explicacións pertinentes, e que non ten obxecto continuar coa discusión.

Aborda o Sr. Puch a detallada proposta do Sr. Fernández sobre os refuxios da Federación.

Intervén o Sr. Freixeiro López para precisar que esta proposta non se pode poñer a debate, xa que se ven de recibir agora mesmo, e non tivo tempo para estudala e sostén que as propostas teñen que ser presentadas con antelación suficiente para ser remitidas aos asembleístas e ter tempo para estudalas.

O Sr. Fernández toma a palabra para expresar que a proposta é un documento para valoración e reflexión das recadacións dos derradeiros cinco anos e unha serie de ideas para promover a utilización dos refuxios, se estuden, e se aporten ideas e debatelas nunha vindeira Asemblea.

• Rogos e preguntas.

Neste punto, intervén o Sr. Freixeiro López para solicitar que as Actas da Asemblea sexan remitidas o antes posible, a contar dende a celebración da mesma e que si fai falla que haxa un supervisor de actas que podería ser un membro da Xunta Directiva da F.G.M. ou da Asemblea e engade que esta figura xa existe na F.E.D.M.E.

Respecto ao asunto da actividade Esquí de Travesía e Raquetas, solicita que se siga facendo en conxunto por criterios de economía para a F.G.M.; puntualiza que son compatibles ambas prácticas logo de unha xuntanza no refuxio e que cada grupo tome camiños diferentes.

Respecto á participación en actividades nacionais – Marcha de Veteranos e Campamento Estatal - solicita que o importe a subvencionar ou axuda ao desprazamento, se comunique con anterioridade á celebración dos mesmos.

Continúa no uso da palabra para reiterar que, no seu caso, as comunicacións da F.G.M., como membro da Asemblea Xeral, se lle fagan por correo postal.

Como remate solicita unha explicación sobre a inclusión dunha proba de cen quilómetros na Copa de Andainas e cantos puntos vai a ter.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Toma a palabra o Sr. Freixeiro Cameselle para solicitar aos presentes que cando organicen algunha actividade teñan a deferencia de remitir unha listaxe de participantes pertencentes aos clubs que acudiron á actividade.

A Sra. Sanz expresa a súa petición de que as actas das asembleas, se remitan, ademais de aos membros da Asemblea, a tódolos clubs adscritos á F.G.M. e como remate, manifesta a súa desconformidade coas présas amosadas nalgún momento do desenrolo da Asemblea.

O Sr. Puch terza para esclarecer que por comentarios doutras federacións, a nosa é a que máis prolonga as asembleas ata cinco horas e polo tanto, non somos sospeitosos de meter apuro nestes actos.

Intervén o Sr. Louro para comunicar que ten vinte propostas e que para non estar aquí unha hora as vai a entregar ao Secretario para que consten en acta.

O Sr. Criado intervén para propoñer a organización dunha xuntanza de escaladores e alpinistas para que conste súa participación e teñan dereito a voto.

Cando son as 20,50 horas, o Sr. Puch da por finalizada a Asemblea Xeral Ordinaria.

O Presidente

Adolfo Puch Dominguez



O Secretario Xeral

Alberto Canle Campuzano